

Contratación

DECRETO DA ALCALDÍA **Expediente 2871/2023**

Esta Alcaldía delegou, mediante resolución de 23/06/2023 (BOPPO núm. 128 de 4 de xullo de 2023) na Xunta de Goberno Local as seguintes competencias previstas no apartado 1 da Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014:

“As competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o dez por cento dos recursos ordinarios do orzamento, nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual, cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada”.

Como todos os anos o Concello de Lalín pretende realizar as festas patronais que nesta anualidade se celebrarían entre os días 22 e 26 de setembro de 2023.

Durante as festas patronais do Concello de Lalín é habitual a instalación de atraccións de feira na zona do Regueiriño, para o que é preciso tramitar previamente o respectivo expediente para o outorgamento das correspondentes autorizacións que permitan a súa colocación.

Por elo, consta no expediente as **“BASES TÉCNICAS E ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN A CONCESIÓN DE AUTORIZACIÓNS PARA A INSTALACIÓN DE ATRACCIÓN DE FEIRA NA ZONA DO REGUEIRIÑO, DURANTE AS FESTAS PATRONAIS DO ANO 2023” exp. 2871/2023** e o Proxecto de Feira redactado polo Arquitecto Técnico Municipal D. Hervé Fernández Estévez, con data de 28 de agosto de 2023, tramitado mediante procedemento aberto, trámite ordinario e un criterio de valoración.

Asemade consta no expediente o informe emitido pola Secretaría Xeral de data 29 de agosto de 2023 e da Intervención Municipal da mesma data.

En base ao exposto e de acordo coas atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, 41 do Real Decreto 2568/1986, do 18 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, **DISPOÑO:**

Primeiro.- Avogar a competencia, para este caso concreto, que ostenta a Xunta de Goberno Local, tendo en conta a necesidade de axilizar a tramitación para o



outorgamento de autorizacións para a instalación de atraccións de feira na zona do Regueiriño durante as festas patronais do Concello de Lalín, que se celebrarán proximamente entre os días 22 e 26 de setembro de 2023.

Segundo.- Iniciar o expediente denominado “**BASES TÉCNICAS E ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN A CONCESIÓN DE AUTORIZACIÓNS PARA A INSTALACIÓN DE ATRACCIÓN DE FEIRA NA ZONA DO REGUEIRIÑO, DURANTE AS FESTAS PATRONAIS DO ANO 2023**”, exp. 2871/2023 mediante procedemento aberto, trámite ordinario e un criterio de valoración, cos seguintes prezos por posto:

ATRACCIÓN AZAR:

NÚMERO DE PARCELA	SUPERFICIE (M ²)	PREZO PARCELA (€)
3	25	471,96 €
8	25	330,37 €
19	25	471,96 €
29	130	2.454,19 €
53	25	330,37 €

ATRACCIÓN CARRUSEIS:

CATEGORÍA 1 (C1):

NÚMERO DE PARCELA	SUPERFICIE (M ²)	PREZO PARCELA (€)
2	50	807,98 €
5	70	791,82 €
10	130	2.100,74 €
11	100	1.615,95 €
12	40	646,38 €
14	80	1.292,76 €
21	90	1.454,36 €
23	90	1.454,36 €
35	60	969,57 €



CATEGORÍA 2 (C2):

NÚMERO DE PARCELA	SUPERFICIE (M ²)	PREZO PARCELA (€)
31	150	2.712,49 €
43	190	3.435,82 €
46	120	2.169,99 €
47	120	2.169,99 €
51	80	1.012,66 €
58	210	3.797,48 €

CATEGORÍA 3 (C3):

NÚMERO DE PARCELA	SUPERFICIE (M ²)	PREZO PARCELA (€)
45	200	3.231,90 €
54	230	3.716,69 €
59	200	3.231,90 €

ATRACCIÓN DE HABILIDADE

CATEGORÍA 1 (H1):

NÚMERO DE PARCELA	SUPERFICIE (M ²)	PREZO PARCELA (€)
6	70	573,12 €
9	80	655,00 €
24	110	900,62 €
25	90	736,87 €
32	110	900,62 €
34	110	900,62 €
38	60	491,25 €
49	90	736,87 €
57	100	818,75 €



CATEGORÍA 2 (H2):

NÚMERO DE PARCELA	SUPERFICIE (M ²)	PREZO PARCELA (€)
22	150	1.292,76 €
33	120	723,95 €
44	430	3.705,91 €
52	450	1.939,14 €

CATEGORÍA 3 (H3):

NÚMERO DE PARCELA	SUPERFICIE (M ²)	PREZO PARCELA (€)
1	25	546,35 €
4	20	305,95 €
7	20	305,95 €
13	25	546,35 €
15	25	382,44 €
26	15	229,46 €
28	20	305,95 €
36	40	874,15 €
37	20	305,95 €
39	25	382,44 €
55	25	546,35 €

POSTOS DEGUSTACIÓN:

CATEGORÍA 1 (D1):

NÚMERO DE PARCELA	SUPERFICIE (M ²)	PREZO PARCELA (€)
16	15	700,25 €
17	10	466,83 €
20	15	700,25 €
30	15	700,25 €
40	15	700,25 €



42	15	490,17 €
48	15	490,17 €

CATEGORÍA 2 (D2):

NÚMERO DE PARCELA	SUPERFICIE (M ²)	PREZO PARCELA (€)
18	10	418,10 €
27	10	418,10 €
41	6	175,60 €
50	15	627,14 €

Terceiro.- Aprobar as citadas Bases Técnicas e Administrativas así como o Proxecto de Feira, redactado polo arquitecto técnico municipal, D. Hervé Fernández Estévez, en data 28 de agosto de 2023 e incorporar os devanditos documentos ao expediente.

Cuarto.- Iniciar os trámites para adxudicar os postos nas Festas Patronais do ano 2023 conforme ás características recollidas nas Bases Técnicas e Administrativas e no Proxecto de Feira e, a estes efectos, publicar o correspondente anuncio no Perfil do Contratante e na Páxina web do Concello de Lalín.

Mandouno e asinouno en Lalín, D. José Crespo Iglesias.

O Alcalde
José Crespo Iglesias

Diante de mín: O Secretario Xeral Accidental
Salvador González Rodríguez

Documento asinado dixitalmente á marxe

